

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

FACULDADE DE HUMANIDADES



AS VISITAS VIRTUAIS COMO NOVO MÉTODO DE
DIFUSIÓN CULTURAL:
O CASO DA REDE MUSEÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO

Autor

Javier Rego Román

Titora

Ana Goy Diz

Máster Universitario en Servizos Culturais

Curso académico 2020-2021

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

MÁSTER UNIVERSITARIO EN SERVIZOS CULTURAI

Curso académico 2020-2021

AS VISITAS VIRTUAIS COMO NOVO MÉTODO DE
DIFUSIÓN CULTURAL:
O CASO DA REDE MUSEÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO

Autor:

Javier Rego Román

Titora:

Ana Goy Diz

*A Paula e a Victoria,
compañeiras de traballo,
mais tamén de vida.*

Índice

1. Introducción	3
1.1. A Rede Museística Provincial de Lugo ante o novo paradigma da COVID-19	4
1.2. Estado da cuestión	5
1.3. Xustificación do tema	7
1.4. Obxectivos	8
1.5. Metodoloxía	9
2. Marco teórico: a Rede Museística Provincial de Lugo	10
2.1. Introducción á Rede Museística Provincial de Lugo	10
O Museo Provincial de Lugo	11
O Museo Provincial do Mar	12
O Pazo de Tor	13
O Museo Fortaleza San Paio de Narla	15
2.2. O modelo de xestión da Rede Museística Provincial de Lugo	16
2.3. Unha meta: os museos que precisamos	18
2.4. A función educativa do museo	20
2.5. Unha nova maneira de facer didáctica: a páxina web da Rede Museística Provincial de Lugo	22
3. Marco práctico: as visitas virtuais	27
3.1. A visita inmersiva ao Museo Provincial de Lugo: posibilidades prácticas	27
3.2. Aplicación práctica: as “escape rooms” como estratexia didáctica	33
4. Conclusións	39
5. Bibliografía	41
6. Anexo	44

1. Introducción

O Traballo Fin de Máster que se presenta ten como obxectivo visibilizar o traballo levado a cabo pola Rede Museística Provincial de Lugo durante a situación de pandemia que acabamos de sufrir. Os catro museos que a compoñen, como axentes sociais e culturais, deron un paso adiante e afrontaron o novo paradigma, reformulando as súas funcións e, en especial, a función difusora, achegando de xeito virtual os seus contidos e vivencias a todas as persoas, independentemente das capacidades das mesmas.

Deste xeito, a Rede Museística Provincial de Lugo deseñou unha páxina web educativa co fin de recoller e difundir os proxectos didácticos pasados, presentes e futuros da institución, dunha maneira interactiva e dixital, tendo sempre presente que a función educativa dun museo ten que ser o berce da súa existencia.

Dentro desta nova proposta difusora e didáctica, o Museo Provincial de Lugo, un dos catro museos da Rede Museística, conta cunha novidosa visita virtual que nos mergulla, cunha calidade excepcional, dentro das catro paredes do antigo convento franciscano, apreciando cada detalle do rico patrimonio que custodia no seu interior.

Así, este traballo pretende amosar como este museo se atopa preparado para o futuro paradigma cultural, onde a difusión non pode ser un interrogante senón unha obriga e como grazas ás visitas virtuais pódese democratizar a arte co fin último de educar e difundir un patrimonio que ao ser público, pertence a todas as persoas. O binomio patrimonio-difusión debe seguir dando sentido a unha institución que pasará a formar parte de milleiros de fogares grazas á conexión que a virtualidade nos ofrece.

1.1. A Rede Museística Provincial de Lugo ante o novo paradigma da COVID-19

A declaración do estado de alarma o pasado 13 de marzo de 2020, motivada pola imparable expansión da COVID-19, trouxo consigo a limitación de movementos dos cidadáns así como o peche total daquelas industrias e comercios¹ non considerados de vital importancia. Así, o mundo da cultural viuse afectado na súa totalidade: cines, teatros, bibliotecas, arquivos e museos víronse obrigados a pechar temporalmente debido, en parte, a que a difusión do seu patrimonio carecía de sentido sen un público que o contemplase.

Durante o período de peche, os museos esforzáronse en achegar de xeito virtual aquelas actividades que se acostumaban a facer de xeito presencial. Xunto coa rápida dixitalización dos diversos patrimonios e a súa achega á poboación, os museos tamén se centraron en deseñar unha serie de protocolos de apertura que garantisen a máxima seguridade para o futuro público asistente. Deste xeito, e tendo en conta a particularidade de cada un, os museos convertéronse en espazos híbridos de coñecemento e difusión cultural, onde o cóctel perfecto resultou ser unha mestura do presencial co virtual².

Neste sentido, a Rede Museística Provincial de Lugo non foi allea á nova situación. A reapertura o 26 de xuño do 2020 dos seus catro museos fíxose baixo un rigoroso control de acceso aos mesmos³. Concertación de cita previa, aforo limitado, control de temperatura, xel hidroalcohólico, percorridos de visita preestablecidos ou material de protección para o persoal traballador dos centros, foron algunhas das medidas adoptadas dende a Deputación Provincial de Lugo para asegurar a visita presencial aos catro museos. No eido virtual, procedeuse a unha reactivación das redes sociais “Facebook”, “Instagram” ou “Twitter”, funcionando desde o comezo da pandemia como os primeiros

¹ HERNÁNDEZ, M.: “Pedro Sánchez anuncia el estado de alarma para frenar el coronavirus 24 horas antes de aprobarlo”, en *El Mundo*, 13/03/2020 [en liña]. Disponible en: <https://www.elmundo.es/espana/2020/03/13/5e6b844e21efa0dd258b45a5.html> [Data de consulta: 21/06(2021)]

² “Encuesta: museos, profesionales de los museos y COVID-19”, en *Icom.museum* [en liña]. Disponible en: <https://icom.museum/es/covid-19/encuestas-y-datos/survey-museums-and-museum-professionals/> [Data de consulta: 21/06/2021]

³ RAMUDO, J.L.: “Reabren hoy todos los centros de la Rede Museística Provincial de Lugo”, en *cope.es*, 26/06/2020 [en liña]. Disponible en: https://www.cope.es/emisoras/galicia/lugo-provincia/lugo/noticias/reabren-hoy-todos-los-centros-rede-museistica-provincial-lugo-20200626_787577 [Data de consulta: 21/06/2020]

canais de difusión do rico e variado patrimonio que a Rede Museística contén nos seus catro museos. Ao mesmo tempo, estíbese a xestar a creación dunha páxina web co fin de recoller e difundir os proxectos didácticos da institución, dunha maneira interactiva, dixital e educativa e onde as visitas virtuais aos seus diferentes espazos se converterán, como veremos, nun dos seus pratos fortes grazas ás posibilidades didácticas que poden acoller.

A dixitalización dos espazos museísticos non se circunscribiu unicamente á Rede Museística, senón que os museos máis recoñecidos a nivel mundial optaron pola mesma estratexia: a difusión do seu patrimonio a través das visitas virtuais aos seus espazos. Así, diversos medios informativos e culturais comezaron a promocionar as diversas visitas virtuais existentes nestes museos co fin de que as persoas, durante o confinamento, puidesen seguir desfrutando das bondades destes espazos sen saír da casa. En resumidas contas, viaxar ao Museo do Hermitage, ao Museo de Historia da Arte de Viena ou a Galería Uffizi nunca foi tan seguro, sinxelo e, sobre todo, tan barato⁴.

1.2. Estado da cuestión

Como vimos, as nefastas consecuencias sociais achegadas pola COVID-19 provocaron unha parálise case que total no eido museístico. Como afrontar o peche temporal? Como achegar os museos ás persoas? Que liñas educativas seguir? Foron múltiples as cuestións xurdidas destas institucións, xa no só a nivel estatal, senón tamén a nivel mundial. Neste sentido, institucións como a UNESCO ou o ICOM (Consejo Internacional de Museos) tiveron que idear unha serie de directrices nas que o apoio científico e museolóxico non existiu debido, claro está, ao novidoso da situación pandémica.

Esta carencia de apoio científico propiciou que os medios xornalísticos canalizasen o novo contexto socio-sanitario e como os museos estaban a reaccionar ante ela. Diarios

⁴ ACOSTA, S. e BATLLE CARDONA, M.: “Los mejores museos del mundo en plan virtual”, en *Viajes National Geographic*, 18/05/2020, actualizado o 14/10/2020 [en lliña]. Disponible en: https://viajes.nationalgeographic.com.es/lifestyle/museos-mundo-visita-virtual_13248/2 [Data de consulta: 23/06/2021]

como El País, El Mundo ou La Vanguardia, íanse facendo eco das diferentes noticias e medidas adoptadas polo museos para afrontar a insólita situación de peche.

Deste xeito, o pasado 26 de decembro o diario El País, na súa edición en liña, facíase eco das medidas adoptadas polo Museo Nacional del Prado para contrarrestar a perda incesante de público presencial. Gracias á estratexia dixital en redes sociais levada a cabo pola pinacoteca, tanto en “Facebook”, “Instagram” e “TikTok”, conseguiron multiplicar o seu público, chegando incluso a xente á que antes, por mor da distancia física, sería imposible⁵.

Se ben é certo que esta recuperación de público é un feito incontestable e, en certo sentido, ata saudable, non o é menos o feito de que este novo público non aporta os beneficios económicos que si achegaba o público presencial. Neste sentido, son moitas as voces que propoñen medidas alternativas para salvar economicamente a estas institucións culturais. Se o museo social se está a impoñer na súa forma virtual é necesario obter un rédito diso, pero como? Aínda que é certo que a gratuidade da cultura debería ser un feito incontestable, ou alomenos en parte, parece obvio que ofrecer imaxes e experiencias dun xeito virtual debería reportar, igualmente, un “plus” económico. Deste xeito Pepe Serra, director do Museo Nacional d’Art de Catalunya, afirmaba para elperiodico.com que:

“(…) la gratuidad de los contenidos culturales es coyuntural, tiene un objetivo solidario y no debería poner en riesgo los avances en la lucha contra la piratería ni el reconocimiento de la cultura como un bien de primera necesidad. Sin embargo, una vez empiecen a emitirse todos estos relatos personalizados en línea quizá sería el momento de plantearse un Netflix de los museos”⁶

Dende logo, o debate está aberto e de seguro que dará pé a novas investigacións, porque se estamos dispostos a pagar cotas mensuais por desfrutar de plataformas de vídeo en demanda, porqué non facer o mesmo con futuras plataformas culturais?

⁵ MARCOS, A.: “En directo desde el museo: así ha multiplicado el Prado sus seguidores en redes”, en *El País*, 26/12/2020 [en liña]. Dispoñible en: <https://elpais.com/cultura/2020-12-25/en-directo-desde-el-museo-asi-ha-multiplicado-el-prado-sus-seguidores-en-redes.html> [Data de consulta: 28/06/2021]

⁶ BERNAL, M.: “Los museos, en la encrucijada por el coronavirus”, en *el Periódico*, 08/05/2020, actualizada o 15/06/2020 [en liña]. Dispoñible en: <https://www.elperiodico.com/es/ocio-y-cultura/20200508/dificultad-ser-museo-barcelona-tiempos-coronavirus-reprogramacion-reflexion-7955443> [Data de consulta: 28/06/2021]

Como vemos, atallar o novo paradigma que se lles abre ás institucións museísticas por mor da COVID-19 está a resultar confuso. Se ben é certo que, desde os propios gobernos⁷ e institucións internacionais estanse a elaborar un *corpus* de solucións factibles, tanto sanitarias como culturais, nótase a falta de unanimidade á hora de fomentar e difundir o patrimonio nesta nova normalidade.

1.3. Xustificación do tema

A repentina chegada da COVID-19 instaurou nos museos unha crise institucional sen precedentes debido a que da noite á mañá as persoas, o motor da súa existencia, foron privadas de asistir a estes espazos por mor da rápida propagación da enfermidade entre a poboación. Deste xeito as institucións culturais comezaron a dar paus de cego co gallo de dar coa tecla correcta e intentar salvar un ano no que perderían ata o 70% dos seus visitantes⁸. Percorridos virtuais, actividades en liña, aplicacións móbiles, todo para tentar achegar o museos ás persoas dun xeito virtual e seguro, mais sen ningún tipo de directriz unificada por parte de institucións internacionais como a Unesco ou o ICOM. Esta nova situación tamén sorprendeu á comunidade museolóxica, que foi incapaz de elaborar un documento guía que englobase as premisas a seguir polas institucións museísticas co fin de asegurar e garantir o traballo das mesmas.

Neste contexto xurdiu a ocasión de elaborar este traballo. Primeiramente por reivindicación e defensa da miña profesión, auxiliar de sala na Rede Museística Provincial de Lugo, e en segundo lugar por un acto positivista. Son dos que pensan que a difusión e a educación que se leva a cabo nos museos non se ten que circunscribir ao presencial, senón que o virtual pode e debe emerxer como un novo universo museístico. Simplemente é un paso que tarde ou cedo se tiña que dar e a COVID-19 acelerou este proceso.

⁷ “Los museos ante el coronavirus”, en *Observatorio de Museos de España [en liña]*. Dispoñible en: <http://www.culturaydeporte.gob.es/observatorio-museos-espana/museos-coronavirus.html> [Data de consulta: 28/06/2021]

⁸ EFE: “Los museos han perdido un 70% de sus visitantes por la covid, según la Unesco”, en *Agencia EFE*, 13/04/2021 [en liña] Dispoñible en: <https://www.efe.com/efe/espana/cultura/los-museos-han-perdido-un-70-de-sus-visitantes-por-la-covid-segun-unesco/10005-4510406> [Data de consulta: 29/06/2021]

1.4. Obxectivos

Ata o de agora esbozáronse uns pequenos trazos contextuais do camiño a debuxar neste traballo. Ao tratarse dun estudo incipiente, cun escaso pouso investigador que o suxeite debido á escaseza de traballos específicos sobre o tema, os obxectivos tórnanse un tanto xerais, mais achegan as principais bondades a conseguir con el. Deste xeito, os obxectivos xerais a acadar son:

- Outorgarlle valor sociocultural ao museo dentro da crise da COVID-19.
- Apostar polo modelo de xestión da Rede Museística Museística Provincial de Lugo e a función educativa dos seus museos.
- Visibilizar o museo virtual como nova forma de difundir e musealizar o patrimonio.
- Amosar as posibilidades educativas e prácticas das visitas inmersivas.
- Ser conscientes da importancia das tecnoloxías da información e da comunicación como novas formas de intervención patrimonial.

Dun xeito complementario aos anteriores, preténdese acadar os seguintes obxectivos específicos:

- Ser conscientes das dificultades de xestión dos museos ante o novo paradigma cultural.
- Visibilizar a nova páxina web da Rede Museística como unha nova forma de facer didáctica.
- Amosar os beneficios das redes sociais como difusoras culturais dentro do contexto das visitas virtuais.
- Incidir na importancia das “*Escape rooms*” virtuais como nova plataforma educativa.

1.5. Metodoloxía

O que o/a lector/a ten diante si é un ensaio digamos, bicéfalo, xa que segue un esquema clásico, pero efectivo, para o que se quere conseguir con el. Unha parte teórica que vén poñer en contexto o traballo socio-educativo que leva desenvolvendo a Rede Museística Provincial de Lugo e que engloba e xustifica á parte práctica, destinada a ensinar os beneficios de difusión e educación das visitas virtuais aos museos da Rede, concretamente ao Museo Provincial de Lugo. Así, a metodoloxía empregada en cada unha das seccións foi a seguinte:

- Para o tratamento do marco teórico, procurei pór a disposición do/a lector/a a miña experiencia como traballador da Rede Museística Provincial de Lugo por máis de catro anos, en especial no relacionado á súa historia e ao seu modelo de xestión. A maiores, empreguei información de xornais e revistas así como de institucións oficiais, coma o ICOM, co fin de contextualizar e fortalecer os meus comentarios nos apartados antes mencionados. Ao falar da función educativa do museo quixen empregar traballos afíns a este ou que compartan puntos de vista nalgúns dos aspectos relacionados con esta función. Así, traballos como o de Reigosa Carreira, Fernández ou Zurita Herdoíza, foron de gran axuda e inspiración para a redacción deste apartado. Por último, foi obrigado o análise da nova páxina web da Rede Museística a cal acubilla os novos proxectos educativos posto que, en parte, síntome parte do seu nacemento.
- No apartado práctico, tentei analizar as posibilidades difusoras e educativas da visita inmersiva ao Museo Provincial de Lugo mediante o emprego de imaxes extraídas da mesma, co fin de xustificar a valía deste tipo de visita naqueles aspectos que tradicionalmente se enmarcaron na presencialidade, como as visitas guiadas. Así mesmo, coméntase a importancia das redes sociais como difusoras do patrimonio custodiado no Museo Provincial. A parte máis atractiva deste traballo, dedicada ás “*Escape rooms*” e a súa valía como programación educativa, susténtase no análise da unidade didáctica deseñada para a ocasión. A súa análise foi tamén obrigada, xa non só polos beneficios sociais que contén, senón tamén como agradecemento a todo o equipo da Rede Museística que a fixo posible, entre os cales me inclúo.

2. Marco teórico: a Rede Museística Provincial de Lugo

2.1. Introducción á Rede Museística Provincial de Lugo

En xuño do ano 2006 constituíuse oficialmente a Rede Museística Provincial de Lugo (**Imaxe 1**) co gallo de abeirar os catro museos que ata o de entón se atopaban baixo dependencia da Deputación Provincial de Lugo, mais dun xeito illado: o Museo Provincial de Lugo, o Museo Fortaleza San Paio de Narla, o Museo Provincial do Mar e o Pazo de Tor.



Imaxe 1. Logo da Rede Museística Provincial de Lugo

Rapidamente o novo ente apresurouse a unificar os obxectivos e criterios co fin de incentivar unha actuación conxunta nos catros museos dependentes, para así cumprir cos obxectivos que dende os Estatutos⁹ do Consello Internacional de Museos (ICOM) se recollían na súa definición de museo:

“Un museo é unha institución permanente sen fines de lucro ao servizo da sociedade e do seu desenvolvemento, aberta ao público, que adquire, conserva, investiga, transmite e expón o patrimonio tanxible e intanxible da humanidade e da súa contorna para a educación, o estudo e o deleite.”¹⁰

⁹ Modificados e adoptados pola Asemblea Xeral extraordinaria, o 9 de xuño de 2017 en París, Francia.

¹⁰ ICOM: “Estatutos”, en *icom.museum*, 2017. Dispoñible en: https://icom.museum/wp-content/uploads/2018/07/2017_ICOM_Statutes_SP_01.pdf [Data de consulta: 30/03/2021]

Como veremos nas seguintes páxinas, o eido educativo tórnase vital para o próspero devir da Rede Museística, xa que dende el parte a cidadanía que se pretende construír e na que os museos teñen a obriga de intervir para formalala desde o respecto, a igualdade e a alteridade. Mais é preciso seguir poñendo en contexto á institución e aos catro museos que aglutina antes de tentar despexar o binomio educación-museos.

O Museo Provincial de Lugo

O Museo Provincial de Lugo (**Imaxe 2**) foi creado en 1932 pola Deputación Provincial de Lugo, sendo inaugurado dous anos despois, en 1934, nunha das ás da planta baixa do Pazo de San Marcos, actual sede do ente provincial. Nesta ubicación comezáronse a exhibir, sobre todo, materiais arqueolóxicos, históricos e de belas artes, mais a inxente cantidade de obxectos que se estaban a almacenar no Pazo, obrigou ás autoridades a reubicalos nun espazo que garantise a salvagarda do crecente patrimonio lucense. Deste xeito, en 1957 o museo trasladouse ao antigo convento de San Francisco, ubicado na Plaza de Soidade, un edificio rediseñado polo arquitecto vigués Manuel Gómez Román, quen lle outorgou á nova sede un aire de edificio pacego, mais sen descuidar as raíces do mesmo conservando tres estancias orixinais do antigo convento franciscano: o refectorio, a cociña conventual e mais o claustro. Declarado Ben de Interese Cultural en 1962, o Museo Provincial de Lugo sufrirá pequenas reformas na década dos setenta e oitenta ata que na década seguinte se levou a cabo a ampliación do arquitecto González Trigo, inaugurándose no ano 1997.



Imaxe 2. Fachada do Museo Provincial de Lugo

En canto ao seu patrimonio, estamos ante un museo ecléctico. As coleccións de arqueoloxía, belas artes, artes industriais e etnografía enchen os 29 espazos que compoñen este peculiar museo. Deste xeito o público poderá desfrutar dende útiles paleolíticos e neolíticos, obxectos da cultura castrexa, apreciar a pegada do Imperio Romano en *Lucus Augusti*, mergullarse nos depósitos do Museo Nacional del Prado, viaxar a través da arte galega e ata sentirse parte de África grazas á colección de arte africano Xoán Anllo. Desta maneira, non se pode afirmar que o Museo Provincial de Lugo estea especializado en ningunha rama artística en particular, senon que fai da variedade o seu selo persoal.

O Museo Provincial do Mar

O Museo Provincial do Mar (**Imaxe 3**) ten as súas orixes naquelas escolas indianas que tanto abundan na Mariña Lucense. Co fin de favorecer a educación dos nenos e nenas da zona, José María Fernández Montenegro e Manuela Goñi, naturais da zona e emigrantes na Arxentina, doaron 60.000 pesetas para a súa construción, inaugurándose no ano 1931.



Imaxe 3. Fachada do Museo Provincial do Mar, San Cibrao, Lugo

Co devir dos anos esta escola converterase no xermolo do actual museo, grazas, en parte, á labor de Francisco Moisés Rivera Casás, mestre entre os anos 1934 e 1988 quen, ademais de impartir as ensinanzas obrigatorias, preparaba á rapazada nas diferentes artes mariñeiras. Así, o alumnado comeza a recompilar obxectos ligados ao mar, os cales se expoñerán ao público, entre 1969 e 1988, nos períodos vacacionais.

A partires dese ano, e ata o 2004, a xestión do museo mariño correrá a cargo da Asociación de Veciños Cruz da Venta de San Cibrao. A Deputación Provincial de Lugo, que xa apoiara a fundación do museo en 1969, encargárase da completa administración do devandito museo.

A importancia ou a relevancia deste senlleiro museo, a maiores das súas riquísimas coleccións que abranguen dende a carpintería de ribeira, os oficios do mar e vida mariña ou a sección estrela, a caza da balea, está na comunidade que lle da sentido. Grazas á conexión coa xente da Mariña, o museo crea identidades e fortalece os lazos afectivos para coa poboación da zona. Ademais, grazas ao proxecto museográfico e museolóxico e a labor encomiable co tecido asociativo, o Museo Provincial do Mar converteuse nun referente en canto a accesibilidade, sendo, ademais, o primeiro museo público de temática mariña de Galicia.

O Pazo de Tor

O 13 de xullo do ano 2006 o Pazo de Tor (**Imaxe 4**) abriu as súas portas aos visitantes co fin de amosar, dun xeito real e fidedigno, as singularidades da arquitectura pacega así como a evolución do estilo de vida da fidalguía galega, dende o século XVIII ata o ano 1998, data de falecemento da última moradora do pazo, dona María de la Paz Taboada de Andrés y Zúñiga.

Precisamente sería ela quen doaría o edificio á Deputación Provincial de Lugo ese mesmo ano, ca única encomenda de preservar a decoración do mesmo tal e como ela o tiña ata o día do seu pasamento. Deste xeito, o ente provincial só acometería unha serie de reformas para a mellora do edificio, sendo mínima a musealización do seu contido por respecto á vontade da última propietaria.



Imaxe 4. Fotografía aérea do Museo Pazo de Tor, Monforte de Lemos, Lugo

Así, neste edificio encadrado no perdurable estilo barroco galego, malia a sobriedade e simetría que denotan certo neoclasicismo estético, existen unha serie de espazos ben diferenciados entre si. Deste xeito, o primeiro andar é unha mostra inigualable do modo de vida daquela sociedade fidalga tan arraigada na Galicia de época moderna. Diferentes salas como as de armas, xogo ou música exemplifican moi ben o poderío desta clase social, na que tamén coñeceremos as súas intimidades grazas ao percorrido polos diversos cuartos persoais presentes neste primeiro andar do Pazo de Tor. Toda familia fidalga tiña á súa disposición un sistema agropecuario que precisaba ser atendido para satisfacer as súas demandas. Para iso este pazo conta cunha serie de alpendres no exterior que recreaban estas tarefas, tales coma cocheiras, galiñeiros, adegas, pombal, etc. Os espazos de lecer tamén estaban moi presentes neste tipo de construcións e, por iso, conta cun fermoso xardín que atendía ás necesidades de socialización deste estamento social, en especial o fermosísimo labirinto de estilo italiano.

Poder desfrutar dun edificio único, tan característico da arquitectura galega, habitado de xeito ininterrompido durante case 300 anos, é unha experiencia perenne, como tamén o foi a idea de perdurabilidade desta clase social, abocada á desaparición nos albores do século XIX.

O Museo Fortaleza San Paio de Narla

As célebres revoltas irmandiñas do século XV tiveron incidencia na primitiva Torre de Xiá, berce da actual fortaleza. A súa case total destrución por mor deste conflito, obrigou ao señor Vasco das Seixas a reconstruíla na centuria seguinte. Así, dende o século XVI e ata o XIX, a Fortaleza de San Paio de Narla (**Imaxe 5**) será testemuña de diferentes modificacións, colaboradoras na súa notable lonxevidade e carga histórica. As súas portas abríronse ao público en 1983 como Museo Etnográfico e da Historia, sendo xestionado pola Deputación Provincial de Lugo, ente que adquirira a fortaleza en 1939.



Imaxe 5. Fotografía aérea do Museo Fortaleza San Paio de Narla, Friol, Lugo

Máis aló da evidente importancia histórica do edificio, a capela exterior e os tres corpos que o conforman amosan unhas coleccións do máis singular e heteroxéneas. A agricultura e os oficios tradicionais, a adega e os seus elementos, a cociña coa súa tradicional lareira, a colección de armas, a fermosa cheminea renacentista, etc., son unha simple mostra do

que este museo etnográfico nos pode achegar como exemplo do modo de vida e costumes dos diferentes estamentos sociais.

2.2. O modelo de xestión da Rede Museística Provincial de Lugo

“O éxito dun museo non se mide polo número de visitantes,
senón polo número de visitantes que aprenderon algo”

George Henri Rivière, museólogo.

Afastado totalmente daquela noción de museo que semellaba definilo como un simple contedor de obxectos, algo común na etapa anterior á II Guerra Mundial¹¹, a Rede Museística Provincial de Lugo leva, dende a súa creación no ano 2006, outorgándolle un maior protagonismo ao ser humano como berce do desenvolvemento social e cultural. Esta idea extráese directamente da chamada nova museoloxía, a cal reafirmaba o papel social do museo, adaptándose ao novo concepto de museos comunitarios. Os principios básicos desta corrente museolóxica, malia que xa foran manifestados sucintamente na Mesa Redonda de Santiago de Chile en 1972 organizada polo ICOM, puxéronse en común na Declaración de Quebec de 1984 onde se afirmaba que:

“No mundo contemporáneo, que tende a integrar todas as formas de desenvolvemento, a museoloxía debe ampliar os seus obxectivos (...) para que a súa acción poida incidir mellor no entorno humano e físico. Para conseguir este obxectivo e integrar á poboación na súa acción, a museoloxía recorre cada vez máis ao interdisciplinario (...) e aos novos métodos de xestión capaces de integrar aos usuarios.”¹²

Como vemos, a partir da década dos anos 70 os organismos internacionais, como o ICOM ou a UNESCO, comezan a traballar para achegar público e museos co fin de estreitar lazos entre esta institución e a sociedade. É nesta sintonía onde a Rede Museística

¹¹ HERNÁNDEZ, S.: “La evolución de los museos y su adaptación”, en *Cultura y desarrollo*, nº 8, 2012, pp. 38-44. Dispoñible en: http://www.lacult.unesco.org/docc/evolucion_museos.pdf [Data de consulta: 02/06/2021]

¹² “Declaración de Quebec. Principios básicos de una nueva museología. Quebec”, 12/12/1984. Dispoñible en: <http://nuevamuseologia.net/wp-content/uploads/2015/12/declaracionquebec.pdf> [Data de consulta: 02/06/2021]

leva desenvolvendo o seu modelo de xestión co gallo de crear un museo de comunidade que traballe dende a sociedade e para sociedade, partindo da súa experiencia e memoria sen esquecer o territorio no que se desenvolve.

Deste xeito, malia ser unha institución que depende da Deputación Provincial de Lugo, a Rede Museística posúe unha estrutura de xestión que, malia o paradoxal, se centra na autonomía nas tomas de decisión internas, amparadas polo presuposto asignado dende o ente provincial. Así mesmo, o feito de que o que seu cadro de persoal estea formado por empregados públicos, dótaa dun carácter profesional da que carecen outro tipo de institucións culturais similares, que avogan pola externalización dos servizos e a subcontratación de moitas das súas funcións¹³, en especial aquelas dedicadas á atención do público. Un bo exemplo desta profesionalización atopámolo na creación, no ano 2018, da figura do auxiliar de sala¹⁴, unha figura clave á hora de interactuar co visitante, posto que a súa función principal é a de exercer como mediador cultural entre público e patrimonio. Por último, este modelo de xestión busca a participación da sociedade co obxectivo de achegar os catro museos da Rede aos cidadáns xa que, como espazos de memoria, precisan do seu aspecto afectivo para darlle un sentido total ao patrimonio que acollen.

É por iso que este ente museístico leva quince anos tecendo redes de colaboración con institucións culturais, sociais e educativas, mais tamén co tecido artístico, co fin de acadar aquel museo comunitario do que se falaba na Declaración de Quebec de 1984, co obxectivo primordial de mellorar as condicións de accesibilidade á cultura, tanto físicas, arquitectónica, como intelectuais e así poder salvagardar a transmisión da cultura presente nos catro museos da Rede Museística.

¹³ CABRERA, J.: “Contra el museo precario”, no diario *El País*, 05/02/2021. Dispoñible en: <https://elpais.com/babelia/2021-02-04/contra-el-museo-precario.html> [Data de consulta: 03/02/2021]

¹⁴ Pódese consultar a creación da primeira listaxe de auxiliares de sala no BOP nº 148 do venres 29 de xuño de 2018. Enlace: http://www.deputacionlugo.gal/sites/deputacionlugo.org/files/Documentos/0_18890_1.pdf

2.3. Unha meta: os museos que precisamos

Con motivo da celebración do seu décimo aniversario no ano 2016, a Rede Museística levou a cabo unha serie de medidas encamiñadas a pescudar o camiño que estaba a percorrer como institución pública ao servizo da sociedade e repensar, deste xeito, o modelo museolóxico que levaban implantando dende fai anos. Froito desta reflexión persoal xurdiron novos conceptos de museo que deberían dar resposta xa non só ás demandas de gran parte da sociedade, se non tamén aos cambios sociolóxicos que estaban a acontecer no mundo. Así, para darlle cabida a este novo paradigma, chegouse á conclusión de que os catro espazos da Rede Museística Provincial de Lugo deberían ser museos¹⁵:

- **Didácticos**, sen perder o espírito do museo-escola, onde non só se fomente a aprendizaxe mediante as coleccións existentes, senón que se teña moi presente a educación social no seu conxunto.
- **De memoria**, como institucións que salvagardan o patrimonio material, os museos deben facer o mesmo co inmaterial posto que tamén son depositarios da memoria e dos recordos ligados aos obxectos que contén.
- **Adaptados**, tanto no apartado físico e arquitectónico coma no intelectual, apostando pola inclusión das diferentes linguaxes que garantan a accesibilidade universal. Neste sentido, a Rede Museística conta co material de sala perfectamente adaptado ás diferentes capacidades, xa sexa información en braille, pictogramas ou lectura fácil.
- **Sociais**, dependentes da sociedade na que se atopan, ca finalidade de establecer un diálogo permanente con ela, establecendo un “*feedback*” dentro-fóra.
- **Interactivos e dinámicos**, posto que os museos non son estáticos, senón que teñen vida e precisan dunha interacción social que garanta a súa utilidade para coa sociedade.
- **De futuro**, con miras a se expandir máis aló das súas fronteiras, pero sempre desde unha perspectiva viva e humana.

¹⁵ LAGO GONZÁLEZ, E. (coord.): “A Rede Museística Provincial. Dez anos construíndo comunidade” en *Lugo Cultura Dixital. Muralla aberta*, nº 1, 2016, pp. 10-25.

Como acabamos de ver, este corpus teórico bebe directamente das premisas da museoloxía social, baseadas, a grandes trazos, nun achegamento do museo cara a sociedade. En definitiva, dunha apertura social. Estes principios museolóxico tiveron a súa saída práctica grazas á realización dunha serie de proxectos e actividades que puxeron á Rede Museística á vangarda da museoloxía social.

Varios exemplos das accións levadas a cabo no seu seo serían as destinadas á creación dunha serie de clubs de amigos cos que relacionarse e intercambiar experiencias, independentemente da súa idade. Así a Rede Museística conta co “Club Pequeamig@s”, composto pola rapazada máis nova, o “Club Ei!”, que aglutina ao público xuvenil, e o “Club Sénior”, o de máis impacto social, sobre todo o que rodea ao Museo Provincial do Mar, en San Cibrao. No eido da igualdade de xénero leváronse a cabo seis edicións do congreso “Xéneros, museos, arte e educación” na que se executaron diversas iniciativas que buscaban a democratización social dos museos como entidades culturais. Co gallo de loitar por facer dos museos espazos cen por cen inclusivos e accesibles, realizouse no ano 2015 un proxecto con persoas con capacidades diferentes chamado “Fotografía a cegas”, na que un grupo de invidentes compartían os resultados de seren, por uns días, fotógrafos¹⁶. Por último, a Rede Museística participa do diálogo intercultural a través do proxecto “Culturas en diálogo”, onde se pretende integrar e dar voz á comunidade estranxeira.

O impacto social destes clubs, tanto no museo como na súa contorna, vén avalado por un traballo educativo previo, sobre todo no seu aspecto informal. Deste xeito, a función educativa dos museos segue a ser un foco de atención para a aprendizaxe e a educación social, entendida coma un medio para o intercambio mutuo de coñecementos que garanta a salvagarda da memoria histórica, social e museística.

¹⁶ TERCEIRO, C.: “En Lugo la fotografía se aprecia... a ciegas”, *Agencia EFE*, 17/06/2015. Disponible en: <https://www.efe.com/efe/espana/cultura/en-lugo-la-fotografia-se-aprecia-a-ciegas/10005-2642148> [Data de consulta: 03/06/2021]

2.4. A función educativa do museo

Durante decenios os museos abriron as súas portas baixo un sistema cultural autárquico, na que os seus fondos e coleccións, carentes de toda interpretación social ou didáctica, abastecían as necesidades culturais das elites da época. Precisamente esta carencia serviu para illar a estas institucións do resto de clases sociais, as cales observaban aos museos como entes totalmente alleos ao seu mundo e en certo sentido, inalcanzables.

Co devir do tempo a sociedade viuse favorecida polas melloras científicas e técnicas que se comezaron a producir ao final do século XIX, máis estes cambios trouxeron emparellados outros de carácter económico que repercutiron directamente na estrutura social presente co asentamento definitivo da chamada clase media. Estas comezaron a demandar o acceso á cultura das elites e, como tal, os museos tiveron que reformular a súa idiosincrasia co fin de acoller ao novo estamento social. Así, trala Segunda Guerra Mundial, os museos comezan a atender os novos requirimentos de socialización, educación e de cultura¹⁷. Unha evolución que evidenciou a súa lentitude debido ao enquistamento das elites para coa apertura do saber, mais tamén foi unha evolución radical pola súa democratización e accesibilidade, sempre entendida como unha apertura laxa, lonxe dos termos actuais.

Esta evolución histórica permitiu o acceso a un mundo totalmente novo, no que a cultura parecía sosterse nunha certa equidade. Sen embargo esta mellora non foi tan efectiva desde o punto de vista da comprensión dos contidos, centrada na simple admiración da obra dende unha perspectiva totalmente fútil, algo que, certamente, se segue a apreciar hoxe en día¹⁸. Os museos deben intentar mudar este procedemento contemplativo e abrir novos métodos de comunicación co público que os visita. Para levalo a cabo, a didáctica ten que facer bo o seu significado e potenciar os métodos de ensino co fin de facer comprensibles as súas coleccións. Isto non implica que a contemplación sexa un error, na beleza dun obxecto ou na forma de ollalo pode estar a esencia da perspectiva, mais si que se torna necesario dotalo dun contexto co que darlle significado.

¹⁷ REIGOSA CARREIRAS, A.: “Educación e comunicación: O papel profesional dos educadores nos museos”, en POSE BLANCO, A.M e RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, X. (Coords): *Actividades e recursos educativos dos Museos de Galicia*. Toxosoutos, Noia, 2008, pp. 57-68.

¹⁸ ARRIAGA, A.: “Desarrollo del rol educativo del museo: narrativas y tendencias educativas”. Disponible en: <https://core.ac.uk/download/pdf/78050149.pdf> [Data de consulta: 09/06/2021]

Malia esta necesidade, as actividades didácticas dos museos seguen a centrarse na oferta dunha serie de visitas guiadas de diversa índole temática: xerais, por coleccións, exposicións temporais ou mesmo, como veremos, virtuais; así como a preparación dunha serie de programacións didácticas¹⁹. Todas elas non deixan de ser actividades que semellan estar un tanto desconectadas do sistema educativo e mesmo incluso un tanto desfasadas. A pesares disto, os museos evolucionaron ata converterse na actualidade en importantes centros de comunicación e áreas de vital importancia dentro da aprendizaxe informal, entendéndoa como aquel proceso de adquisición de coñecementos que dura toda a vida e na que, segundo Daniela Lucía Zurita Herdoíza, “las exposiciones de los museos son espacios idóneos para conseguir procesos de aprendizaje informal porque en ellas el aprendizaje es voluntario”²⁰. A educación informal pode e debe complementar á educación formal que se imparte na escola ou na universidade xa que o museo, grazas ás súas coleccións, enche os ocos que estas institucións presenten nas súas programacións educativas.

Esta praxe educativa moitas veces vese afectada pola latente falta de comunicación entre o museo e a escola. A existencia das visitas guiadas antes comentadas ou dun material pedagóxico que non engarza co currículo escolar existente, evidencia que cada institución semella ir en paralelo, sen cruzarse, xustificando os seus encontros nas necesidades de cubrir certos baleiros oficiais: os museos porque así xustifican a súa labor didáctica e a acollida de público escolar nas súas estatísticas, e os centros educativos porque complementan a súa cota de saídas culturais anuais.

Esta situación de paralelismo podería solucionarse se se mellorase a comunicación entre museo e escola. A concertación de entrevistas persoais co profesorado, o seu convite ao espazo museístico co gallo de presentarlles as propostas didácticas, a visita do persoal dos departamentos de didáctica dos museos aos colexios co fin de achegarse á rapazada, en

¹⁹ FERNÁNDEZ, M.: “Los museos espacios de cultura, espacios de aprendizaje” en: *IBER. Didáctica de las Ciencias Sociales, Geografía e historia*. Nº 36, abril-mayo-junio 2003, pp. 55-61

²⁰ ZURITA HERDOÍZA, D.L.: “La función educativa del museo: prácticas de la educación artística”, Mestrado em Museologia e Museografía, Lisboa, Universidade de Lisboa, 2015. Disponível en: https://repositorio.ul.pt/bitstream/10451/22657/2/ULFBA_TES_874.pdf
[Data de consulta: 09/06/2021]

definitiva, fomentar un coñecemento e achegamento mutuo, pode elevar a función educativa do museo a cotas similares aos da escola, posto que ao igual que esta, tamén ten unha obriga educativa e de instrución para coa sociedade.

2.5. Unha nova maneira de facer didáctica: a páxina web da Rede Museística Provincial de Lugo

A presenza dos museos en determinadas áreas xeográficas, xa sexan cidades, vilas ou lugares do rural, identifícaos como representantes das mesmas xa que garanten que parte da idiosincrasia do territorio se atope custodiada no museo por medio das súas coleccións. Por iso, o museo, como institución que traballa a prol dun beneficio social, ten a obriga que achegarse ao público e facilitar o seu contacto cos obxectos que conservan no seu interior, posto que forman parte da sociedade do territorio.

Nesta liña, a Rede Museística Provincial de Lugo leva anos traballando co diverso tecido social e asociativo que vertebra os seu catro museos. A importancia dos colectivos presentes en Tor, San Cibrao, Friol ou Lugo é sobresaínte debido que a súa incidencia no espazo museístico é vital e necesaria ao ser custodio do seu pasado e da súa esencia. Por isto, como parte da sociedade están a reclamar unha serie de necesidades educativas que deben ser cubertas polos museos mediante uns obxectivos pedagóxicos, un feito que levou á Rede Museística Provincial á reestruturación e ampliación dos seus contidos presencias, mais tamén virtuais, coa creación dunha páxina web que reunira estas necesidades e as fixera accesibles, especialmente as circunscritas á comunidade educativa.

Se ben é certo que a creación desta nova páxina web dedicada á comunidade, tanto educativa, infancia e familia, mocidade e idade adulta, xa estaba no imaxinario dos responsables da Rede Museística Provincial de Lugo, a crise global provocada pola COVID-19 acelerou o proceso de creación dun espazo onde acubillar ao noso público, tanto real como virtualmente. Con este obxectivo, naceu a web www.comunidadermpl.es para que dun xeito intuitivo cada persoa atope o seu lugar dentro da nosa rede.

Como vimos, unha institución cun longo percorrido no eido educativo tívose que adaptar aos novos requirimentos que emanaban da sociedade e, en especial, da escola. Por iso, desde o apartado dedicado á Comunidade educativa, dentro da web comunidadermpl.es, apuntan o seguinte:

“A educación é unha función intrínseca aos museos, polo que desde a Rede Museística Provincial de Lugo consideramos fundamental tecer lazos cos centros educativos. Así pois, traballamos no deseño de actividades e iniciativas que nos permitan achegarnos tanto ao profesorado como ao alumnado, co fin de construír proxectos en común.”²¹

Deste xeito, neste apartado da web atoparemos todos os programas educativos que foron deseñados dende os Departamentos de Didáctica da Rede Museística Provincial baixo a coordinación da súa Xerente. Dentro da ampla oferta dispoñible, que abrangue dende o Día Internacional dos Museos 2021²² ata as múltiples actividades englobadas no proxecto Amar a mar: Mariñas, Marosas e Maruxainas²³, destaca o apartado dedicado á programación escolar²⁴.

O catálogo de actividades que a Rede Museística presenta neste apartado é moi variado e novedoso, xa non só pola opción de realizarse dun xeito telemático desde a aula, senón polo feito de involucrar directamente ao centro educativo na elaboración, presentación e escolla da actividade; noutras palabras, o tecido escolar convértese nun membro máis dos departamentos didácticos da Rede Museística. Como vimos neste apartado, a participación directa de todo o tecido educativo no proceso de creación destes programas axuda a que exista unha comunión entre ambos entes, producíndose unha “*retroalimentación*” entre eles que os axuda a completarse pedagoxicamente falando.

²¹ Cita escrita polo persoal encargado do deseño didáctico da nova web, pertencente ao Departamento de Didáctica da Rede Museística. Dispoñible en: <https://comunidadermpl.es/educativa/> [Data de consulta: 19/06/2021]

²² Malia que o Día Internacional dos Museos se celebra o 18 de maio, a Rede Museística aposta por una programación que abrangue todo o 2021. Para máis información pode visitar o seguinte enlace: <https://comunidadermpl.es/dia-internacional-dos-museos-2021/>

²³ Trátase dun proxecto moi especial, que parte do 50 aniversario do Museo Provincial do Mar. Foi ideado tanto coa comunidade da Mariña como co tecido asociativo da zona. Para máis información pode visitar o seguinte enlace: <https://comunidadermpl.es/amar-a-mar-marinas-marosas-e-maruxainas/>

²⁴ Desde a páxina principal despregamos o submenú > Comunidades > Educativa para, a continuación, deslizar a barra lateral ata atopar o enlace que nos indique “Programa escolar” e prememos nel.

Así, o museo é quen de dar unha saída social ás súas coleccións difundindo o seu patrimonio dun xeito educativo, tal e como indica o ICOM, e por outra banda os centros educativos son quen de encher as lagoas temáticas que os currículos escolares teñen costume de presentar na maioría das materias.

Gracias a este binomio de colaboración museo-escola, a programación educativa da Rede Museística Provincial de Lugo presenta ata nove actividades que, como veremos a continuación, navegan por diferentes liñas temáticas e espazos, mais sempre tendo en conta á comunidade escolar e ao territorio, algo indispensable para a execución desta programación. Así, de xeito sucinto e en verbas do persoal encargado do seu deseño, presento as actividades que conforman a programación escolar, as cales veñen acompañadas do seu correspondente enlace web co que se obterá máis información das actividades. Estas son:

- **Travesía pola historia a través de 4 museos:** “con esta actividade preténdese que nenos e nenas viaxen cara atrás no tempo e percorran a provincia de Lugo partindo dos catro museos da Rede Museística Provincial grazas aos diversos medios de transporte que neles existen, mais cun obxectivo final, chegar a San Cibrao, ao Museo Provincial do Mar”²⁵.
- **O teu Gabinete de Curiosidades:** “o alumnado sairá á súa contorna, ao xardín, ao bosque, á vila, á ribeira do río ou praia... e recollerá canto lle chame a atención: follas caídas, pedras, pequenos obxectos, fragmentos de materiais... No seu caderno tomará nota de todo e acompañará as súas descrições do explorado con debuxos (...) O seguinte paso será organizar un gabinete de curiosidades que exporá aos compañeiros/as e ao profesor/a”²⁶.
- **Programa escolar sobre igualdade de xénero:** esta programación inclúe múltiples propostas e actividades nas que se traballarán “varios eixos fundamentais empregando as colección dos museos como medio:
 - Recoñecemento das mulleres artistas.

²⁵ <https://comunidadermpl.es/2645-2/> . Pódese descargar a unidade didáctica desta actividade.

²⁶ <https://comunidadermpl.es/o-teu-gabinete-de-curiosidades/> . Pódese descargar a unidade didáctica desta actividade.

- Valoramos as tarefas atribuídas ás mulleres na Historia, especialmente as dos coidados.
- Rachamos co estereotipos de xénero e destacamos a diversidade de ser.
- Identificamos o papel das mulleres no desenvolvemento das sociedades, en especial nas comunidades rurais, desde a ollada do “*ecofeminismo*”²⁷.

Compre destacar que esta programación inclúe a todos os ciclos educativos así como o profesorado e as familias, existindo a opción de descargar o caderno didáctico correspondente.

- **Un Ronsel de Futuro: o xogo da literatura, o cine e o teatro a través do museo:** “trátase dun proxecto educativo de web serie elaborada a través de catorce obradoiros, repartidos por cada museo da Rede Museística Provincial de Lugo, prolongados ao longo do tempo. Os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) serán a base dos diferentes capítulos. Consta de dúas propostas diferenciadas:
 - Traballo directo con varios centros de ensino para a realización da web serie.
 - Actividades a partir do visionamento dos capítulos”²⁸.
- **A Semente de Antano:** a través do xogo, e avogando por unha aprendizaxe cooperativa onde o alumnado será o protagonista, preténdese:
 - “Coñecer a nosa contorna e poñer en valor o rural.
 - Comprender o noso pasado para entender o noso presente, viaxaremos no tempo achegándonos ao modo de vida dos nosos devanceiros.
 - Valorar a importancia da memoria”²⁹.
- **Heroe ou Heroína?:** con esta actividade preténdese “estudar os contos para ver neles os roles de xénero asignados pola sociedade. Trataremos de que os nenos/as entendan que a igualdade é posible”³⁰.
- **Singularidade festiva:** “empregaremos coloquios e asembleas participativas, xunto con numerosos obradoiros onde facer voar a nosa imaxinación, para

²⁷ <https://comunidadermpl.es/programa-escolar-sobre-igualdade-de-xenero/>

²⁸ <https://comunidadermpl.es/un-ronsel-de-futuro/>

²⁹ <https://comunidadermpl.es/a-semente-de-antano/>

³⁰ <https://comunidadermpl.es/heroe-ou-heorina/>

adentrarnos no mundo paxego e todo aquilo que o rodea, desde o transporte, ás festas ou a cultura”³¹.

- **Visitas inmersivas para escolares:** malia que o punto número 3 deste traballo explicará máis polo miúdo esta actividade, é preciso explicala brevemente dentro do contexto global da programación educativa da Rede Museística. “Cada docente poderá decidir, de acordo co plan de estudos e co proxecto educativo que estea desenvolvendo, unha serie de visitas inmersivas ao Museo Provincial de Lugo, tanto persoal como virtualmente, co obxectivo de fomentar o achegamento do alumnado ao patrimonio conservado nos nosos museos”³².
- **Escape Rooms: Xoga en Rede:** ao igual que acontece coas visitas inmersivas, explícase a continuación, de xeito breve, esta actividade encadrada dentro da programación didáctica. “Con esta proposta pretendemos fomentar o descubrimento do patrimonio conservado nos nosos catro museos a través da “*gamificación*” ou aprendizaxe baseada en xogos”³³. Todas elas parten das visitas virtuais que existen aos catro museos da Rede Museística e das que falaremos no punto seguinte.

Como acabamos de ver, a Rede Museística Provincial de Lugo traballa no eido educativo e didáctico en torno a tres aspectos esenciais que se tornan imprescindibles para comprender a idiosincrasia desta entidade. Por unha banda, o valor do territorio, posto que un museo carece de sentido se non temos en conta o espazo no que se localiza, de aí que o fío condutor de moitas das actividades antes expostas engarcen á comunidade coa súa contorna. De seguido, a igualdade de xénero, coa que identifican e fan visible o rol das mulleres nas sociedade actual e pasada, rachando cos estereotipos existentes. Por último, moitas das actividades xiran en torno aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) propostos polas Nacións Unidas no ano 2015 e cos que se pretende concienciar e acadar un mundo mellor, máis sostible e igualitario para o ano 2030.

³¹ <https://comunidadermpl.es/singularidade-festiva/>

³² <https://comunidadermpl.es/visitas-inmersivas-para-escolares/>

³³ <https://comunidadermpl.es/escape-rooms/>

3. Marco práctico: as visitas virtuais

3.1. A visita inmersiva ao Museo Provincial de Lugo: posibilidades prácticas

Como vimos no apartado anterior, a Rede Museística Provincial de Lugo está a construír alternativas que lle permitan seguir difundindo o seu patrimonio. A necesidade e a obriga como institución pública de compartir os seus fondos, levouna a acometer, xa en pleno confinamento, unha serie de visitas guiadas virtuais empregando fotografías das coleccións ou seccións que se pretendían ensinar. Neste sentido, a plataforma de comunicación por vídeo “Zoom” serviu como canle intermediaria para achegarlle ao público o seu patrimonio.

Se ben é certo que tanto o Museo Fortaleza de San Paio de Narla coma o Pazo de Tor xa contaban dende fai tempo cunha visita virtual aos seus espazos, o Museo Provincial de Lugo carecía desta posibilidade. Quizais por ser o de máis repercusión social e histórica e o que aglutina a un maior número de visitantes, o escaneamento das súas salas semellaba ser de urxencia. A encargada de levar a cabo esta tarefa técnica foi a empresa Senmais³⁴, quen leva máis de vinte anos traballando nos deseños web e nas melloras de espazos mediante solucións gráficas. Así, en pleno confinamento e co museo pechado, procedeuse ao “mapeado” das 29 salas e os case 6.000 m² de exposición permanente para dar como resultado unha visita inmersiva dunha calidade, como veremos, excepcional.

Para acceder a ela debemos situarnos na páxina web www.comunidadermpl.es, despregar o menú e seleccionar a opción “*Visitas inmersivas 3D*”. Unha vez dentro, se desprazamos a barra lateral cara abaixo, ofrécesenos ata tres posibilidades para desfrutar das visitas inmersivas aos catro museos da Rede Museística. Estas son descritas polo equipo de didáctica da Rede de deseño do seguinte xeito³⁵:

³⁴ Co gallo de obter máis información acerca desta empresa tecnolóxica, pódese visitar a súa páxina web <https://www.senmais.com> [Data de consulta: 23/06/2021]

³⁵ As seguintes citas foron escritas polo persoal encargado do deseño didáctico da nova web, pertencente ao Departamento de Didáctica da Rede Museística. Disponibles en: <https://comunidadermpl.es/visitas-inmersivas-3d/> [Data de consulta: 24/06/2021]

1. **Visitas de libre percorrido:** “Percorre os 4 museos libremente, podes visitalos tantas veces como queiras dunha maneira segura e desde calquera lugar con acceso a internet. As nosas visitas están realizadas cun escáner de última xeración, chamarache a atención a calidade e sensación de inmersión.”³⁶
2. **Visitas guiadas:** “Temos visitas inmersivas programadas e guiadas. Son visitas temáticas que se realizan en todos os museos da Rede Museística Provincial e de acceso a calquera persoa que se inscriba previamente. Unha maneira de facilitar o acceso á cultura e o patrimonio da nosa provincia de Lugo dunha maneira segura.”³⁷. Compre sinalar que neste apartado dásenos a posibilidade de concertar, mediante un formulario, a visita guiada a calquera dos museos da Rede.
3. **Visitas telefónicas, Feito para ti:** “Visitas audiodescritivas dos 4 museos da Rede para todas as persoas que non teñen acceso a internet. Pódese solicitar vía telefónica (a calquera dos teléfonos dos 4 museos) ou mediante as asociacións, persoal dos concellos, club sénior, residencias de día e de maiores.”³⁸

Como vemos, as posibilidades de disfrute dos catro museos da Rede Museística son variadas en forma e tipoloxía: dende un uso autónomo na visita libre ata un máis dirixido grazas ás explicacións dadas na visita guiada, pasando polo emprego do teléfono como intermediario entre o persoal da Rede e o/a visitante. En definitiva, trátase de que ninguén se quede fóra, de que todas as persoas poidan disfrutar dun patrimonio que lles pertence e identifica.

As posibilidades directas de difusión patrimonial neste tipo de visitas no só se cinguen a unha simple andaina virtual, ou telefónica, polas diferentes salas dos museos da Rede, se non que se poden explotar moito máis as posibilidades que oferta a tecnoloxía empregada neste tipo de visitas inmersivas, co fin de aumentar a súa produtividade cultural.


Deste xeito, a tecnoloxía 3D empregada para o “*mapeado*” do Museo Provincial de Lugo foi a dispoñible pola plataforma Matterport, a cal permite converter un espazo real nun

³⁶ Cita extraída de: <https://comunidadermpl.es/visitas-inmersivas-3d/> [Data de consulta: 24/06/2021]

³⁷ Cita extraída de: <https://comunidadermpl.es/visitas-inmersivas-3d/> [Data de consulta: 24/06/2021]

³⁸ Cita extraída de: <https://comunidadermpl.es/visitas-inmersivas-3d/> [Data de consulta: 24/06/2021]

xemelgo dixital³⁹. Unha vez dentro do museo virtual⁴⁰, aparecemos na recepción do mesmo, onde nos reciben dous círculos branquiazuis que actúan a modo de titorial co fin de que a nosa experiencia navegando polo espazo do museo sexa o máis satisfactoria e intuitiva posible (**Imaxe 6**).




Imaxe 6. Recepción do Museo Provincial de Lugo dende a visita virtual

A implementación destes puntos poden axudarnos a que a nosa visita sexa o máis completa posible, xa que neles podemos albergar unha serie de información extra que nos pode axudar nunha mellor inmersión nas coleccións do Museo Provincial de Lugo. Sempre partindo dunha colocación pertinente dentro do museo virtual, as posibilidades de información que poden ofrecer estes “hiperenlaces” serían, para o caso que nos ocupa, as seguintes:

³⁹ Información extraída da páxina web de Matterport, en: <https://matterport.com/es> [Data de consulta: 24/06/2021]

⁴⁰ Lembramos os pasos a seguir para acceder á visita virtual do Museo Provincial de Lugo: www.comunidadermpl.es -> menú despregable -> Visitas inmersivas 3D -> Visita o Museo Provincial de Lugo.

- **Enlaces coas redes sociais da Rede Museística:** poderíanse empregar para dirixirnos a algunha das súas publicacións, xa sexa en Facebook, Twitter ou Instagram, co fin de contextualizar a peza ou sala que estamos a observar na visita virtual (**Imaxe 7 e 8**).



Imaxe 7. Fotograma das aras romanas extraídas da visita virtual

rmplugo
Museo Provincial de Lugo



Les gusta a mariaelago y 62 personas más

rmplugo XX.

Hoxe a cidade de Lugo está de aniversario. O 30 de novembro do ano 2.000 a @unesco declaraba Patrimonio da Humanidade á Muralla Romana de Lugo. Foi o final feliz a anos de traballo por acadar tal fito, dende o eido político, cultural e, sobre todo, social.


A conexión entre a muralla e o #museoprovincialdelugo tradúcese en numerosas aras, estelas e placas funerarias que no seu momento decoraron o perímetro da muralla e que hoxe en día, como podedes ver na fotografía, poden ser visitadas no claustro franciscano.

Moitos parabéns, Lucus Augusti!

#rmplugo #muralladelugo #unescoworldheritage #unesco #patrimoniodelahumanidad #claustro #lugo #igerslugo #felizcumpleaños

Imaxe 8. Publicación da Rede Museística Provincial na rede social Instagram

- **Enlaces con outras institucións museísticas ou culturais:** dada a heteroxeneidade das coleccións do Museo Provincial de Lugo, sería interesante colocar puntos naquelas salas ou obxectos que precisaran dun contexto científico máis preciso, o cal podería partir dunha institución especializada no tema. Así, na entrada da sala 29, dedicada á colección de Arte Africano Xoán Anllo, poderíase colocar un círculo cun enlace web ao Museo Nacional de Antropoloxía, concretamente ás súas coleccións africanas, para así desfrutar dun xeito extensivo da única sala permanente con este tipo de arte que hai en Galicia (**Imaxe 9 e 10**).




Imaxe 9. Fotografía da entrada á colección de Arte Africano Xoán Anllo



Imaxe 10. Coleccións africanas do Museo Nacional de Antropología

- **Enlaces audiovisuais:** a sala de ourivería antiga do Museo Provincial de Lugo, unha das máis senlleiras da institución, conta con tres audiovisuais que ensinan o proceso de extracción, traballo e funcións do ouro. Co fin de poder desfrutalos como se estiveramos *in situ* no museo, poderíanse colocar cadanseu enlace co fin de que se puidera reproducir o vídeo en cuestión (**Imaxe 11**).



Imaxe 11. Fotograma da sala de ourivería antiga

3.2. Aplicación práctica: as “*escape rooms*” como estratexia didáctica

Como acabamos de ver, as posibilidades que ofrece a visita inmersiva ao Museo Provincial de Lugo son múltiples. Porén, dende a Xerencia da Rede Museística Provincial, en colaboración co Departamento de Didáctica, procurouse ir un paso máis aló e espremela dun xeito didáctico mediante a implementación das “*escape rooms*” no esquema da visita inmersiva.

Mais, en que consisten estas “*escape rooms*”? Atendendo á unidade didáctica “Escape Rooms: Xoga en Rede”⁴¹, defínense do seguinte xeito: “Os xogos “*Escape Room*” son actividades, cada vez máis estendidas, nas que as persoas que participan usan a lóxica, os seus coñecementos e o enxeño para resolver probas dentro dunha misión que deben completar⁴²”. Esta definición convida a empregar este tipo de actividade coa mocidade xa que estas dinámicas son, ante todo, interactivas, lúdicas e interdisciplinarias, aspectos

⁴¹ Os pasos para acceder a ela son os seguintes: www.comunidadermpl.es -> Menú -> Comunidades -> Educativa -> Programa Escolar -> Escape Rooms: Xoga en Rede -> Unidade didáctica da actividade.

⁴² Unidade didáctica “Escape Rooms: Xoga en Rede”, Rede Museística Provincial de Lugo, 2021. Disponible en: <https://drive.google.com/file/d/1tzZT6s2Jm1TG6KHm9WntEmVrqAUvNjhQ/view> [Data de consulta: 25/06/2021].

clave se queremos que a rapazada coñeza, e sinta como seu, o rico patrimonio existente nos catro museos da Rede Museística Provincial de Lugo.

Tradicionalmente soe identificarse ao público adolescente cunha falta de interese cultural, algo que tende a incrementarse se nos referimos a museos ou espazos musealizados. O acceso deste público a estes espazos de xeito voluntario, é dicir, fóra da súa actividade educativa, é practicamente nula ou cinguese exclusivamente ao mero acompañamento familiar nun momento determinado⁴³. Porén, a Rede Museística propúxose con esta actividade espertar a curiosidade da mocidade polo patrimonio mediante unha serie de xogos que engarzan diversión e educación. Certamente é o sector da poboación máis difícil de persuadir para que se acheguen ao museo mais, unha vez dentro, convértense no sector cunha maior potencialidade á hora de identificarse tanto co patrimonio coma co museo.

Dado que o Museo Provincial de Lugo é unha institución heteroxénea en canto ás súas coleccións, ideáronse ata sete “*escape rooms*” que englobasen o rico patrimonio presente neste espazo. Así, na unidade didáctica, descríbense as diferentes opcións do seguinte xeito⁴⁴:

- **Lugo Romano:** “Vestimenta, cidade, casa. Familiarizar aos e ás participantes con obxectos e pezas representativas da vida na antiga *Lucus Augusti*.”
- **Igualdade:** “Coñecer a obra das mulleres artistas expostas no Museo Provincial de Lugo”.
- **Como nos vestimos ao longo da historia:** “Coñecer como se vestían os homes e as mulleres dos diferentes períodos históricos e os significados e segredos que agochan os distintos tipos de indumentaria. Itinerario: Prehistoria, Cultura castrexa, Roma, Idade Media, Romanticismo e Traxe tradicional galego”
- **Vexo, vexo...e descubro o meu entorno:** “Identificar as diferentes paisaxes, principalmente de Galicia, e os elementos naturais que as compoñen, así como a súa relación emocional coas persoas a través das obras pictóricas do Museo

⁴³ ESPEJO, B.: “Adolescentes en el museo”, en *El País*, 11/08/2017 [*en liña*] Disponible en: https://elpais.com/cultura/2017/08/10/babelia/1502364119_402049.html [Data de consulta: 26/06/2021]

⁴⁴ Unidade didáctica “Escape Rooms: Xoga en Rede”, Rede Museística Provincial de Lugo, 2021, p. 6. Disponible en: <https://drive.google.com/file/d/1tzZT6s2Jm1TG6KHm9WntEmVrqAUvNjhQ/view> [Data de consulta: 26/06/2021].


- Provincial de Lugo. Itinerario: paisaxe de montaña, paisaxe mariña, paisaxe urbana, paisaxe rural, paisaxe lucense”.
- **ODS:** “Misións relacionadas con cada un dos 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible percorrendo as coleccións do Museo Provincial de Lugo”.
 - **Crea o teu museo:** “Definición e tipos de museos, profesións e coleccións”.
 - **A Idade Media na Rede Museística Provincial de Lugo:** “Vida e sociedades medievais a través dos catro museos da Rede Museística”.

A presenza deste eclecticismo temático garántenos o desfrute total do Museo Provincial de Lugo dende diferentes puntos de vista, o histórico, o social ou o natural, a través das coleccións que custodia no seu interior. Deste xeito a vestimenta, as belas artes, os vestixios arqueolóxicos ou a paisaxe serven de carnada para atraer á mocidade ao seu terreo mediante a difusión do seu patrimonio dun xeito virtual, lúdico e, á vez, didáctico. Ademais da variedade temática ofertada nas diferentes “*Escapes Rooms*”, estas presentan un carácter interdisciplinario que engarza moi ben cos currículos escolares actuais, xa que o galego, as ciencias sociais ou a bioloxía únense ás disciplinas histórico-artísticas co fin de darlle un sentido educativo global a esta proposta (**Imaxe 12**).



Imaxe 12. Coa deseñadora descubriremos a evolución da vestimenta ao longo da historia

Quizais un dos puntos destacables desta actividade, máis aló da súa metodoloxía, da que falaremos a continuación, sexa apostar pola educación da mocidade en dous aspectos que están en voga hoxe en día: a igualdade de xénero e o tratamento dos ODS, co gallo de educar nuns valores que arraiguen na idea dunha sociedade igualitaria e nunha concienciación ambiental (**Imaxe 13**).



Imaxe 13. A concienciación medioambiental é obxecto da escape room dedicada aos ODS

Tendo claro o contexto das “*Escape Rooms*” e o obxectivo principal delas, é necesario agora aclarar cal é o seu funcionamento. Unha vez concertada a actividade mediante o formulario que hai dispoñible na web www.comunidadermpl.es, ou ben por calquera dos outros medios de contacto dispoñibles na mesma, atoparémonos virtualmente na recepción do Museo Provincial de Lugo, onde escolleremos a “*Escape room*” acordada, identificadas todas elas cunha cor diferente. Unha vez seleccionada, irromperá na escena unha personaxe⁴⁵ (**Imaxe 14**) que se encargará de presentarnos a actividade así como de guiarnos en cada unha das probas que a compoñen.

⁴⁵ As personaxes deseñadas para cada una das “*escape rooms*” son: unha castrexa para Lugo romano, unha deseñador para Como nos vestimos ao longo da historia, unha xabariño para Vexo, vexo... e descubro o meu entorno, unha pantasma para Igualdade, un planeta para as ODS, un cadro para Crea o teu museo e un frade franciscano no Museo Provincial de Lugo, un cabaleiro para a Fortaleza de San Paio de Narla, unha campesiña no Pazo de Tor e un carpinteiro de ribeira no Museo do Mar dentro da Idade Media na Rede Museística Provincial de Lugo.



Imaxe 14. Personaxes que nos acompañarán en cadansúa escape room

Grazas ás súas indicacións, o/a usuario/a moverase por todo o museo grazas ás ferramentas das que dispón a visita virtual, levando a cabo as pescudas necesarias para resolver as variadas probas que lle asaltarán polo camiño (**Imaxe 15**).



Imaxe 15. As personaxes nos guiarán en cada unha das probas presentes nas diferentes escapes room

Estas xirarán en torno a xogos de memoria, verdadeiro ou falso, crebacabezas, preguntas e respostas, ordenar letras, completar series, buscar pistas ocultas, etc. coa finalidade de que, mediante a súa resolución, se aprenda xogando dun xeito autónomo e sendo consciente da evolución desta aprendizaxe (**Imaxe 16**). O feito de empregar os xogos virtuais como método de aprendizaxe, máis aló das bondades educativas e curriculares que aportan, favorece a autonomía na toma decisión mais tamén o traballo en equipo, apostando pola escoita activa e a resolución de conflitos.



María Luísa pintou este cadro cara 1929. Deixámosche aquí o seu título en lingua de signos. Sabes ler cal é?



INUNDACIÓN VENECIA VILA ASOLAGADA

Imaxe 16. A interpretación da linguaxe de signos será unha das probas á que nos enfrontemos

4. Conclusións

Será tremendamente difícil calcular o alcance real da crise provocada pola COVID-19. Esta nova realidade puxo de manifesto as tremendas carestías do sistema sanitario, social e económico actual, mais tamén do cultural. O peche deste sector provocou a quebra de cines e teatros así como perda masiva de público asistente a arquivos, bibliotecas e museos españois⁴⁶.

Porén, a re-invención das institucións museísticas tornábase esencial. Se a xente non pode acudir aos museos, ou polo menos non o fai coma antes, que sexan eles os que se acheguen á xente. Así, as Tecnoloxías da Información e da Comunicación fusionáronse co eido cultural nun momento de crise total, dando como resultado unha serie de alternativas para que o patrimonio neles custodiado non quedara invisibilizado. Conferencias *online*, incremento de emisións en directo desde as diferentes redes sociais, visitas virtuais aos seus espazos, etc., foron parte das medidas que con acerto se levaron a cabo dende estas institucións, xa que para conservar hai que coñecer e para coñecer hai que difundir.

Foi por isto que a Rede Museística Provincial de Lugo considerou o escaneamento das diferentes salas do Museo Provincial de Lugo co fin de seguir ofertando aos visitantes as súas coleccións, mais desta vez dun xeito diferente e segura dada a situación que, pese a clara recesión, estamos a padecer. Esta medida non impediu que os museos da Rede reabrisen ao público de xeito presencial e baixo unhas estritas medidas de seguridade. Como espazos públicos os museos precisan de persoas que dean sentido á súa función social.

Nesta liña, a divulgación educativa sempre foi unha das máximas de calquera museo xa que garante a cohesión social e a valoración do pasado a través do patrimonio. Así, o emprego das “*Escapes rooms*” como método didáctico de aproveitamento do patrimonio, serviulle á Rede Museística para pór en valor á comunidade educativa como garante do seu futuro, un futuro que pasa pola responsabilidade social do museo para con todas as

⁴⁶ ASTUI, I.: “El Covid reduce los visitantes al Museo de la Paz de Guernika a cifras de hace veinte años”, en *El Correo*, 08/01/2021 [*en liña*] Disponible en: <https://www.elcorreo.com/bizkaia/costa/covid-reduce-visitantes-20210107232839-nt.html> [Data de consulta: 29/06/2021]

persoas independentemente do medio en que este contacto, persoa *versus* museo, se produza.

5. Bibliografía

ACOSTA, S. e BATLLE CARDONA, M.: “Los mejores museos del mundo en plan virtual”, en *Viajes National Geographic*, 18/05/2020, actualizado o 14/10/2020 [en línea]. Disponible en: https://viajes.nationalgeographic.com.es/lifestyle/museos-mundo-visita-virtual_13248/2 [Data de consulta: 23/06/2021]

ARRIAGA, A.: “Desarrollo del rol educativo del museo: narrativas y tendencias educativas”. Disponible en: <https://core.ac.uk/download/pdf/78050149.pdf> [Data de consulta: 09/06/2021]

ASTUI, I.: “El Covid reduce los visitantes al Museo de la Paz de Guernika a cifras de hace veinte años”, en *El Correo*, 08/01/2021 [en línea] Disponible en: <https://www.elcorreo.com/bizkaia/costa/covid-reduce-visitantes-20210107232839-nt.html> [Data de consulta: 29/06/2021]

BERNAL, M.: “Los museos, en la encrucijada por el coronavirus”, en *el Periódico*, 08/05/2020, actualizada o 15/06/2020 [en línea]. Disponible en: <https://www.elperiodico.com/es/ocio-y-cultura/20200508/dificultad-ser-museo-barcelona-tiempos-coronavirus-reprogramacion-reflexion-7955443> [Data de consulta: 28/06/2021]

CABRERA, J.: “Contra el museo precario”, no diario *El País*, 05/02/2021. Disponible en: <https://elpais.com/babelia/2021-02-04/contra-el-museo-precario.html> [Data de consulta: 03/02/2021]

“Declaración de Quebec. Principios básicos de una nueva museología. Quebec”, 12/12/1984. Disponible en: <http://nuevamuseologia.net/wp-content/uploads/2015/12/declaracionquebec.pdf> [Data de consulta: 02/06/2021]

EFE: “Los museos han perdido un 70% de sus visitantes por la covid, según la Unesco”, en *Agencia EFE*, 13/04/2021 [en liña] Disponible en: <https://www.efe.com/efe/espana/cultura/los-museos-han-perdido-un-70-de-sus-visitantes-por-la-covid-segun-unesco/10005-4510406> [Data de consulta: 29/06/2021]

“Encuesta: museos, profesionales de los museos y COVID-19”, en *Icom.museum* [en liña]. Disponible en: <https://icom.museum/es/covid-19/encuestas-y-datos/survey-museums-and-museum-professionals/> [Data de consulta: 21/06/2021]

ESPEJO, B.: “Adolescentes en el museo”, en *El País*, 11/08/2017 [en liña] Disponible en: https://elpais.com/cultura/2017/08/10/babelia/1502364119_402049.html [Data de consulta: 26/06/2021]

FERNÁNDEZ, M.: “Los museos espacios de cultura, espacios de aprendizaje” en: *IBER. Didáctica de las Ciencias Sociales, Geografía e historia*. Nº 36, abril-mayo-junio 2003, pp. 55-61

HERNÁNDEZ, M.: “Pedro Sánchez anuncia el estado de alarma para frenar el coronavirus 24 horas antes de aprobarlo”, en *El Mundo*, 13/03/2020 [en liña]. Disponible en: <https://www.elmundo.es/espana/2020/03/13/5e6b844e21efa0dd258b45a5.html> [Data de consulta: 21/06(2021)]

HERNÁNDEZ, S.: “La evolución de los museos y su adaptación”, en *Cultura y desarrollo*, nº 8, 2012, pp. 38-44. Disponible en: http://www.lacult.unesco.org/docc/evolucion_museos.pdf [Data de consulta: 02/06/2021]

ICOM: “Estatutos”, en *icom.museum*, 2017. Disponible en: https://icom.museum/wp-content/uploads/2018/07/2017_ICOM_Statutes_SP_01.pdf Data de consulta: 30/03/2021]

LAGO GONZÁLEZ, E. (coord.): “A Rede Museística Provincial. Dez anos construíndo comunidade” en *Lugo Cultura Dixital. Muralla aberta*, nº 1, 2016, pp. 10-25.

“Los museos ante el coronavirus”, en *Observatorio de Museos de España [en liña]*.
Dispoñible en: <http://www.culturaydeporte.gob.es/observatorio-museos-espana/museos-coronavirus.html> [Data de consulta: 28/06/2021]

MARCOS, A.: “En directo desde el museo: así ha multiplicado el Prado sus seguidores en redes”, en *El País*, 26/12/2020 [en liña]. Dispoñible en: <https://elpais.com/cultura/2020-12-25/en-directo-desde-el-museo-asi-ha-multiplicado-el-prado-sus-seguidores-en-redes.html> [Data de consulta: 28/06/2021]


RAMUDO, J.L.: “Reabren hoy todos los centros de la Rede Museística Provincial de Lugo”, en *cope.es*, 26/06/2020 [en liña]. Dispoñible en: https://www.cope.es/emisoras/galicia/lugo-provincia/lugo/noticias/reabren-hoy-todos-los-centros-rede-museistica-provincial-lugo-20200626_787577 [Data de consulta: 21/06/2020]

REIGOSA CARREIRAS, A.: “Educación e comunicación: O papel profesional dos educadores nos museos”, en POSE BLANCO, A.M e RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, X. (Coords): *Actividades e recursos educativos dos Museos de Galicia*. Toxosoutos, Noia, 2008, pp. 57-68.

TERCEIRO, C.: “En Lugo la fotografía se aprecia...a ciegas”, *Agencia EFE*, 17/06/2015.
Dispoñible en: <https://www.efe.com/efe/espana/cultura/en-lugo-la-fotografia-se-aprecia-a-ciegas/10005-2642148> [Data de consulta: 03/06/2021]

ZURITA HERDOÍZA, D.L.: “La función educativa del museo: prácticas de la educación artística”, Mestrado em Museologia e Museografía, Lisboa, Universidade de Lisboa, 2015.
Dispoñible en: https://repositorio.ul.pt/bitstream/10451/22657/2/ULFBA_TES_874.pdf
[Data de consulta: 09/06/2021]

6. Anexo



Imaxe 1. Logo da Rede Museística Provincial de Lugo. Fonte: <https://www.facebook.com/redemuseisticaprovincial/photos/a.258299907607732/510232079081179/>



Imaxe 2. Fachada do Museo Provincial de Lugo, ubicado na capital da provincia. Fonte: <http://enlugo.es/museos/>



Imaxe 3. Fachada do Museo Provincial do Mar, San Cibrao, Lugo. Fonte: <http://tecnologia-maritima.blogspot.com/2016/06/museo-provincial-do-mar-de-san-cibrao.html>




Imaxe 4. Fotografía aérea do Museo Pazo de Tor, Monforte de Lemos, Lugo. Fonte: <https://inventrip.com/deputaciondelugo/object/23094>


As visitas virtuais como novo método de difusión cultural: o caso da Rede Museística Provincial de Lugo



Imaxe 5. Fotografía aérea do Museo Fortaleza San Paio de Narla, Friol, Lugo. Fonte: <https://www.xacotrans.com/museo-san-paio-de-narla-en-castronela/>




Imaxe 6. Recepción do Museo Provincial de Lugo desde a visita virtual. Fonte: <https://my.matterport.com/show/?m=BVJeVYyVvJi&brand=0>



Imaxe 7. Fotograma das aras romanas extraídas da visita virtual. Fonte: <https://my.matterport.com/show/?m=BVJeVYyVvJi&brand=0>

rmplugo
Museo Provincial de Lugo



 Les gusta a mariaelago y 62 personas más
rmplugo XX.


Hoxe a cidade de Lugo está de aniversario. O 30 de novembro do ano 2.000 a @unesco declaraba Patrimonio da Humanidade á Muralla Romana de Lugo. Foi o final feliz a anos de traballo por acadar tal fito, dende o eido político, cultural e, sobre todo, social.

A conexión entre a muralla e o #museoprovincialdelugo tradúcese en numerosas aras, estelas e placas funerarias que no seu momento decoraron o perímetro da muralla e que hoxe en día, como podedes ver na fotografía, poden ser visitadas no claustro franciscano.

Moitos parabéns, Lucus Augusti!

#rmplugo #muralladelugo #unescoworldheritage #unesco #patrimoniodelahumanidad #claustro #lugo #igerslugo #felizcumpleaños

Imaxe 8. Publicación da Rede Museística Provincial na rede social Instagram. Fonte: conta oficial da Rede Museística Provincial de Lugo en Instagram



Imaxe 9. Fotograma da entrada á colección de Arte Africano Xoán Anllo. Fonte: <https://my.matterport.com/show/?m=BVJeVYyVvJi&brand=0>

Fondos


- Fondos museográficos y documentales
- Nuestra colección
- Catálogo
- Colecciones viajeras
- Colecciones en red
- Publicaciones
- Cesión de imágenes
- Préstamo de colecciones
- Acceso a las colecciones
- MNA Restaura

Colecciones africanas


En su mayoría procedentes del antiguo Museo de África, las colecciones africanas del Museo Nacional de Antropología son el fruto de diversas expediciones realizadas a las posesiones españolas en el continente durante el siglo XIX y la primera mitad del XX (Marruecos, Sáhara Occidental y Guinea Ecuatorial).

Las recientes donaciones y adquisiciones han tratado de completar la extensa y variada geografía africana, ofreciendo una visión de la complejidad cultural de un continente tan diverso. Nos referimos a donaciones como la colección de objetos de Etiopía, especialmente referidos a su peculiaridad religiosa; o el conjunto de objetos recolectados entre 1961 y 1964 durante las campañas arqueológicas en el sur de Egipto del "Comité español para el salvamiento de los tesoros de Nubia", donados por Martín Almagro Basch.

Imaxe 10. Coleccións africanas do Museo Nacional de Antropología. Fonte: <https://www.culturaydeporte.gob.es/mnantropologia/fondos/fondos-museograficos-y-documentales/nuestra-coleccion/afrika.html>



Imaxe 11. Fotografía da sala de ourivería antiga: Fonte:
<https://my.matterport.com/show/?m=BVJeVYyVvJi&brand=0>




Imaxe 12. Coa nosa deseñadora descubriremos a evolución da vestimenta ao longo da historia. Fonte:
<https://drive.google.com/file/d/1tzZT6s2Jm1TG6KHm9WntEmVrqAUvNjhQ/view>



Imaxe 13. A concienciación medioambiental é o obxectivo da escape room dedicada aos ODS. Fonte: <https://drive.google.com/file/d/1tzZT6s2Jm1TG6KHm9WntEmVrqAUvNjhQ/view>



Imaxe 14. Personaxes que nos acompañarán en cadansúa escape room. Fonte: collage de elaboración propia. <https://drive.google.com/file/d/1tzZT6s2Jm1TG6KHm9WntEmVrqAUvNjhQ/view>



Imaxe 15. As personaxes nos guiarán en cada unha das probas presentes nas diferentes escapes romos. Fonte: <https://drive.google.com/file/d/1tzZT6s2Jm1TG6KHm9WntEmVrqAUvNjhQ/view>



María Luísa pintou este cadro cara 1929. Deixámosche aquí o seu título en lingua de signos. Sabes ler cal é?



INUNDACIÓN

VENECIA

VILA
ASOLAGADA

Imaxe 16. A interpretación da linguaxe de signos será unha das probas á que nos enfrontaremos. Fonte: <https://drive.google.com/file/d/1tzZT6s2Jm1TG6KHm9WntEmVrqAUvNjhQ/view>

